

AS INTERFERENCIAS NA FRASEOLOXÍA

María Álvarez de la Granja¹
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción²

Desde sempre, as unidades fraseolóxicas foron consideradas como un dos elementos máis idiosincrásicos das linguas, como bos representantes da súa enxebreza ou orixinalidade. Non estraña, en consecuencia, que un dos termos para designar estas expresións sexa tamén o de idiomatismos (*idioms* é en inglés o termo xeralizado) e que mesmo se chegasen a empregar rótulos, hoxe desbotados con este sentido, como galicismos, anglicismos, etc. Malia este carácter autoidentificador das unidades fraseolóxicas ou, tal vez, gracias a el, os textos orais e escritos do galego actual están inzados de idiomatismos que, ou ben son sospeitosos de seren casteláns, ou ben son decididamente casteláns. O obxectivo deste relatorio é analizar, no ámbito da fraseoloxía, dúas manifestacións típicas das situacións de contacto lingüístico: a alternancia e, en especial, a interferencia. Usaremos con tal fin un corpus de exemplos de interferencias e alternancias do castelán, tomados de dicionarios e de textos que teñen o galego como lingua base.

2. Alternancia e interferencia lingüística

Como ben se sabe, a *alternancia lingüística* define aquelas situacións nas que se empregan conscientemente, nun mesmo discurso, dous códigos distintos (galego e castelán, por exemplo), sen que o falante confunda en ningún momento as dúas linguas. Silva-Valdivia caracterízaa do seguinte xeito:

“Por *alternancia de códigos* entenderemos (...) a presenza consciente das dúas linguas dentro dun mesmo enunciado ou acto comunicativo; coa particularidade, ademais, de que a coexistencia de elementos das dúas linguas non se produce por dificultades do falante para deslindar os dous códigos en presenza, senón como procedemento expresivo intencional para buscar un efecto comunicativo determinado” (1994: 161).

Pola contra, a *interferencia lingüística*, de acordo con Silva Valdivia (1991: 32), pode caracterizarse como unha transferencia inconsciente dun elemento ou estrutura dunha lingua

¹ Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Avda. Burgo das Nacións s/n, Santiago de Compostela; Tlf. (981) 563100 (ext. 11761), Fax (981) 547114.

² Quero expresa-lo meu sincero agradecemento ó profesor Francisco A. Cidrás Escáneo pola lectura da primeira versión deste traballo, sen dúbida enriquecido e mellorado polas súas atinadas observacións. Por suposto, os erros que aínda subsistan son da miña enteira responsabilidade.

na outra, de xeito que, aínda que só sexa puntualmente, dito elemento ou estrutura se incorpora no sistema da lingua interferida.

2.1. A alternancia lingüística

As situacións que de seguido presentamos son, sen dúbida, considerando tanto factores lingüísticos como contextuais, situacións de alternancia lingüística:

...que me estou cansando e vai ser ela, que me estou cansando e cando me canso non respondo, que xa está ben, ou qué, tanto mirar de esguello nin *niño muerto*, tanto mirar así, como se non foras xente ou como se non tiveras ollos (...) (Casares, 1984: 37)³.

Cando o vin alí, o primeiro que pensei foi: *tierra trágame* (exemplo oral recollido nunha conversa entre licenciados en Filoloxía galego-portuguesa).

Só tratándose dun neofalante moi inexperto poderíamos entender que estamos ante situacións de interferencia lingüística. Nin o personaxe de quen Carlos Casares reproduce os pensamentos no conto de *Vento ferido*, “Monólogo”, descoñece que *niño* e *muerto* son palabras castelás, pois domina o galego, como se deduce do resto do texto, nin o licenciado en galego-portugués ignora que *tierra* é un termo castelán⁴.

As razóns que poden leva-lo falante a introducir un segmento lingüístico nun código diferente ó da lingua base foron xa estudadas por varios autores (vid., entre outros, Grosjean, 1982; Argente Giralt & Lorenzo Suárez, 1991) e, en principio, non difiren cando a alternancia afecta a unha unidade fraseolóxica: encher un baleiro léxico, apelar a determinado interlocutor, actualizar fragmentos producidos anteriormente, procurar determinado valor expresivo... Queremos facer, con todo, dúas precisións que atinxen a aqueles casos nos que a unidade fraseolóxica non se integra nun fragmento alternante máis amplo senón que constitúe en por si a alternancia:

Como acabamos de sinalar, unha das causas que poden explica-lo emprego dunha alternancia é a necesidade de encher certas lagoas léxicas. Pois ben, un dos trazos caracterizadores das unidades fraseolóxicas, ou de boa parte delas, é a riqueza en matices, en valores connotativos e pragmáticos e a mesma complexidade dos seus contidos referenciais. Isto explica que as diferencias entre o material fraseolóxico das distintas linguas atinxan non só á forma senón tamén ós contidos lexicalizados e ós valores connotativos e pragmáticos que os acompañan e que, en consecuencia, os falantes dunha lingua boten man de fraseoloxismos

³ Este e os sucesivos destacados son nosos.

doutro idioma ó considerar que a forma *allea* define con máis claridade e precisión o estado de cousas que se quere designar⁵: fr. *comme il faut, à la carte*, ingl. *off the record*, lat. *in albis*... Agora ben, a presenza de alternancias do castelán nun texto galego, se ben desde un punto de vista exclusivamente funcional, pode poñerse en paralelo coa presenza de alternancias do francés, do inglés e do latín, ten, sen embargo, na maior parte dos casos, unha xustificación a posteriori que non é válida para as outras linguas e pola que se vincula directamente coa interferencia lingüística. O baleiro léxico créase a través da presión exercida polo castelán, que despraza ou fai desaparecer-la forma galega.

Sembremos, en segundo lugar, outro dos motivos enumerados arriba como propiciador das situacións de alternancia: a actualización de fragmentos producidos con anterioridade ó momento do discurso.

“Os casos con máis peso cuantitativo son aqueles que serven para actualizar no decurso dun intercambio fragmentos que fan referencia a feitos ou conversas anteriormente producidas –no eixe temporal– nos cales tomou parte activa ou pasiva o falante que as rememora” (Argente Giralt & Lorenzo Suárez, 1991: 99).

Podemos considerar moitas situacións de alternancia de unidades fraseolóxicas como un subgrupo deste tipo de casos. Cómpre recordar que os fraseoloxismos forman parte do que Coseriu chama discurso repetido⁶: son unidades xa construídas, non producidas no discurso, senón reproducidas. Do mesmo xeito que nós reproducimos con moita frecuencia títulos de cancións, de películas ou de libros en castelán, porque, por razóns comerciais, nos chegaron desa forma, e malia que o seu título orixinal non estea nesa lingua, tamén actuamos igual outras moitas ocasións con certos fraseoloxismos, esta vez por razóns de tipo cultural. Así, é perfectamente normal escoitar frases como *Gústame Elizabeth Taylor en “La gata sobre el tejado de zinc”* ou *Estou lendo “El viejo y el mar”*, pero tamén como estoutras:

O exame xa o fixen. *La suerte está echada* (exemplo oral recollido dunha conversa telefónica).

Eu son o *patito feo* dos asistentes ó congreso (exemplo oral).

⁴ Téñase en conta, ademais, que *tierra*, a diferenza doutros termos como *escoba* ou *Dios*, non suplantou a forma galega *terra*, de xeito que aínda nunha conversa informal como a que orixinou ese fragmento, na que o falante emprega o galego aprendido dos seus pais, a palabra utilizada nunha situación non alternante sería *terra*, nunca *tierra*.

⁵ Por suposto, as diferenzas existen tamén nas unidades monoverbais, pero en bastante menor grao. Repárese nas dificultades de tradución de moitas unidades fraseolóxicas.

⁶ Dito autor estableceu a xa famosa distinción entre *técnica do discurso* e *discurso repetido*: “La ‘técnica del discurso’ abarca las unidades léxicas y gramaticales (lexemas, categoremas, morfemas) y las reglas para su modificación y combinación en la oración, es decir, las ‘palabras’ y los instrumentos y procedimientos léxicos y gramaticales. El discurso repetido abarca todo lo que tradicionalmente está fijado como ‘expresión’, ‘giro’, ‘modismo’, ‘frase’ o ‘locución’ y cuyos elementos constitutivos no son reemplazables o re-combinables según las reglas actuales de la lengua” (1977: 113).

Por razóns de tipo cultural, a frase de Xulio César e o nome do personaxe do conto de Andersen, hoxe unidades fraseolóxicas de pleno dereito, son reproducidas en castelán porque foi a través desta lingua como chegaron a nós. Coidamos que non son alleos a esta situación numerosos refráns, moitos deles procedentes do latín e paneuropeos, suplantados polos correspondentes españois e reproducidos hoxe con bastante frecuencia en castelán (vid. para o catalán Conca & Guia, 1995): *al enemigo que huye puente de plata, a quien madruga Dios le ayuda...*⁷

2.2. A interferencia lingüística

No ámbito das interferencias na fraseoloxía, a primeira distinción que é preciso establecer é aquela que nos permite diferenciar entre interferencias dentro dunha unidade fraseolóxica e unidades fraseolóxicas que son interferencias (ás que chamaremos fraseoloxismos-interferencias). Vexamos máis claramente cada un dos tipos con algúns exemplos:

Pro a Piolla, que é moi arriscada, *fixolle frente* e sacou o corpo, toda moura e fuciñada como é, con pelos no bigote, poñéndose a berrar (Blanco-Amor, 1970: 79).

Cando algúns meios de comunicación *suben de tono* as súas críticas ao nacionalismo, os dirixentes do Bloque responden co refrán de don Quixote: “ladran –logo cabalgamos”! (*A Nosa Terra*, 15-6-1997, 778: 19).

*A quen madruga **Dios** o axuda* (Zamora Mosquera, 1972: 26).

Nos tres casos atopámonos con expresións galegas que, sen embargo, conteñen unha interferencia do castelán no seu interior: **frente*, **tono* e **Dios*, castelanismos por *fronte*, *ton* e *Deus*. Insistimos en que se trata de expresións galegas que conteñen unha interferencia e non de fraseoloxismos-interferencia, dos cales trataremos máis adiante. A mostra máis clara da necesidade de establecer esta distinción atopámola na existencia de certas expresións galegas, sen equivalente castelán literal (non sospeitosas, pois, de seren castelanismos) que, sen embargo, conteñen no seu interior unha interferencia desta lingua:

a **Dios** dar (dito de chover).

os de Muxía a **Virxen** os guía (Zamora Mosquera, 1972: 190).

⁷ Non só atopamos alternancias deste tipo nas unidades fraseolóxicas. Termos compostos e colocacións ofrecen máis exemplos: *mesa de noite* (a carón da forma independente *noite*), *leche frita* (pero *leite* como termo independente), *meter primera* (a carón de *primeira* noutros contextos). Trátase tamén de formas interiorizadas globalmente e reproducidas, non producidas. Exemplos deste tipo poden resultar moi ilustrativos para os estudos relacionados co procesamento das unidades compostas e, en especial, das colocacións (agradezo a Xurxo Sierra Veloso o comentario e os exemplos).

luns e martes lava a curiosa, **miércoles** e xoves a envexosa, sábado a preguiceira (ib: 128).

Os encargados de elabora-lo estándar da lingua, neste caso do galego, non teñen problemas á hora de adaptar estas expresións concretas á norma. Basta con substituí-las formas castelás polas galegas correspondentes: *facer fronte*; *subir de ton*; *a quen madruga Deus o axuda*; *a Deus dar*; *os de Muxía a Virxe os guía*; *luns e martes lava a curiosa, mércores e xoves a envexosa, sábado a preguiceira*.

A substitución vese facilitada pola proximidade formal entre os termos galegos e casteláns e pola súa plena coincidencia semántica (a orixe, latina, é a mesma para cada parella de palabras). Sen embargo, noutros casos a substitución non pode levarse a cabo. Téñase en conta que un dos trazos característicos das unidades fraseolóxicas é a súa fixación léxica: ditas unidades están constituídas por determinadas formas léxicas en principio invariables, ou variables dentro duns límites non xustificables semanticamente. Podemos dicir, por exemplo, *toma-lo pelo* pero non **toma-lo cabelo*, *mete-lo zoco* pero non **introduci-lo zoco*. ¿Que facer, en consecuencia, con formas como *entrar pola bocamanga e saír polo cabezón* ou *prenda do meu paladar* (recollidas en López Taboada & Soto Arias, 1995; Rodríguez González, 1958-1961, respectivamente)? Se substituímos **bocamanga* por *puño* e **prenda* por *peñor* (en menor medida **paladar* por *padal*), por seren as primeiras formas interferencias do castelán, atopámonos con dúas construcións só comprensibles literalmente pero carentes de significado idiomático: non son unidades fraseolóxicas posto que estas están construídas coas formas castelás e só con estas.

Coidamos que os exemplos máis ilustrativos deste problema se atopan naquelas expresións (fundamentalmente enunciados fraseolóxicos e en especial os refráns) que empregan recursos como estrutura métrica, aliteracións, rima... A substitución da forma castelá pola galega, mesmo estando próximas, é en moitas ocasións imposible, posto que carrexaría a desaparición dos efectos poéticos e mnemotécnicos logrados con eses procedementos:

O boi e o leitón en xaneiro crían riñón (Benavente Jareño & Ferro Ruibal, 1996: 139).
** O boi e o leitón en xaneiro crían ril.*

Leite desnatada, nin mantén, nin val pra nada (Zamora Mosquera, 1972: 126).
** Leite desnatado, nin mantén, nin val pra nada.*

As opcións que se lle presentan ó normativizador son só dúas, en consecuencia: eliminar do estándar estas expresións ou aceptalas tal e como aparecen formuladas, incluíndo

a interferencia. A primeira das posibilidades parécenos empobrecedora, na medida en que implica a supresión de formas propiamente galegas (lembremos que estas unidades non existen no castelán), mentres que a segunda, admitir estas expresións tal e como foron creadas, resulta algo perigosa, posto que nos leva a aceptar no estándar fraseoloxismos con palabras que nese mesmo estándar son rexeitadas por castelanismos, e especialmente perigosa no caso das locucións. Téñase en conta que estas son unidades léxicas, directamente dispoñibles para ser combinadas no discurso con outras unidades léxicas. Se o normativizador ten como un dos seus obxectivos a eliminación dunha forma como *bocamanga*, tal vez resultaría contraproducente aceptar na norma a locución *entrar pola bocamanga e saír polo cabezón*. Sen embargo, cómpre indicar que a fixación léxica á que aludimos antes é só relativa. Cando o significado literal e figurado están próximos, isto é, cando se percibe a motivación da unidade fraseolóxica, é posible normalmente a substitución da interferencia por unha forma galega non emparentada etimoloxicamente: **xaula de ouro / gaiola de ouro*. O número de locucións galegas creadas a partir dunha forma castelá e non motivadas sincronicamente non é demasiado elevado, de xeito que a incorporación ó estándar dalgunha destas unidades representaría sempre unha excepción. Probablemente a mellor solución é a de tratar de xeito individualizado cada unha das expresións deste tipo, combinando a permisividade e a restricción de acordo con aspectos como a vixencia da unidade fraseolóxica e a da interferencia que esta contén. Téñase en conta, con todo, que o feito de aceptar no estándar algunha destas construcións non implica a violación de ningunha “lei fraseolóxica”, pois un dos trazos caracterizadores das unidades fraseolóxicas é a posibilidade de incluír como compoñentes elementos diacríticos, isto é, elementos que só existen dentro das expresións pero que non poden empregarse illadamente, fóra delas: arcaísmos, creacións onomatopeicas, formas doutras linguas... Así, no galego temos expresións como *botar un xis*, *tábula rasa* ou *de fite en fite* que conteñen elementos (*xis*, *tábula*, *fite*) inexistentes fóra das unidades fraseolóxicas. O mesmo sucedería, aínda que exclusivamente desde o punto de vista do estándar, coas expresións que estamos estudando: estas conterían certos elementos (os castelanismos) non recollidos como unidades independentes⁸.

A tipoloxía de interferencias é a mesma que podemos encontrar no discurso libre: interferencias léxicas (*a Dios dar*), incluíndo formas adaptadas á fonética galega (*o pan, con ollos; o queixo, cego; e o viño anexo*) (Benavente Jareño & Ferro Ruibal, 1996: 118), interferencias morfolóxicas (*leite desnatada, nin mantén, nin val pra nada*) e, en menor

⁸ A situación é distinta, por suposto, desde o punto de vista do galego non estándar na medida en que as formas castelás

medida, interferencias sintácticas (*cruzarse de brazos*⁹). Agora ben, cómpre actuar con cautela á hora de recoñecer-las interferencias. Como acabamos de indicar, un dos riscos caracterizadores dos fraseoloxismos é a posibilidade de conter no seu interior formas léxicas ou estruturas inexistentes no discurso libre, que non son moitas veces máis ca restos de períodos antigos da lingua, isto é, arcaísmos. Se estas formas coinciden con elementos ou estruturas do castelán actual, un achegamento superficial pode levar a ver como castelanismos estes trazos, que non son máis ca restos fosilizados do galego. Así, por exemplo, expresións como *meu dito*, *meu feito* ou *a meu parecer*, nas que o posesivo non vai precedido de artigo, non responden a unha interferencia do castelán senón á fixación nesas expresións dunha estrutura propia de períodos antigos da lingua¹⁰.

A carón das expresións que acabamos de estudar atopamos os que nós denominamos fraseoloxismos-interferencias. Trátase de unidades fraseolóxicas do castelán adaptadas ó galego mediante a súa tradución literal, palabra por palabra, ou se hai plena coincidencia léxica e estrutural, mediante a súa directa integración no discurso, sen conciencia da orixe foránea da expresión¹¹. Son, pois, unidades fraseolóxicas non galegas, pero constituídas con léxico, sintaxe, semántica e morfoloxía galegas: **chegar e bica-lo santo* (recollida en Xove Ferreiro, 1995), **irse polos cerros de Úbeda*, **quedar á lúa de Valencia*¹², **de boquiña...* Algunhas destas expresións agalegadas resultan simplemente ridículas e só se escoitan na boca de neofalantes ou de falantes ocasionais excesivamente preocupados por falar *en galego*: **estar de mal leite*, **saírse de nai...*¹³ A lingua escrita, menos dada á alternancia cá oral (polo grao de reflexión que conleva) e fundamentalmente a xornalística, ofrece bastantes exemplos destes fraseoloxismos-interferencias, meras traducións do castelán¹⁴.

(*riñón, bocamanga...*) si se empregan como formas independentes.

⁹ “Unha actitude á que a UE ten que darlle unha resposta máis contundente e efectiva que *cruzarse de brazos* e esperar que as cousas cambien por si soas” (*O Correo Galego*, 17-4-1997, 1188, p. 2).

¹⁰ Un feito paralelo, aínda que distinto, atopámolo na conservación en certas expresións de léxico galego perdido ou parcialmente perdido por influencia do castelán. Así, por exemplo, Graña Núñez (1991: 76) comenta como, sorprendido, lle escoitou á súa nai o seguinte refrán: *xeadá sobre lodo, neve ast’o xonllo*. Sen embargo, a nai non soubo explicalo significado da palabra *xonllo*, que Graña nunca escoitara en boca dela nin de ningún outro falante monolingüe.

¹¹ Serían formas paralelas ás monoverbais *axuntamento*, *conexo*, *baraxa...*, nas que tamén se procura unha aparencia galega.

¹² “En canto a posibles pistas do criminal fiqui á lúa de Valencia” (Iglesias, 1994: 122).

¹³ A conexión entre alternancia e interferencia é evidente. Algúns falantes empregarán unha alternancia, outros “traducirán” ó galego e inserirán no discurso unha adaptación galega do castelán.

¹⁴ “Isabel Tocino acusou ós medios de comunicación de *mesturar ‘galgos e podengos’* ó tratar de enfrontala ó alcalde Vázquez” (*O Correo Galego* 1-10-1996, 993: 16).

“No seu defecto, insisto, os deputados socialistas optaron por *facen novelas*, unha práctica da que veñen abusando nos últimos meses e á que lle puxeron o broche esta semana ausentándose do hemiciclo na renovación dun dos membros do Consello de Cortes” (*O Correo Galego*, 10-5-1997, 1181: 2).

En ocasións, sen embargo, cando hai coincidencia con expresións da lingua veciña, resulta bastante difícil determinar se se trata dunha unidade propia ou dunha importación do castelán traducida. O primeiro recurso é a comprobación do uso na fala viva, pero nada impide que, ó igual que existen formas monoverbais como *Dios*, *pueblo* ou *abuelo*, con plena vixencia no galego actual, existan tamén fraseoloxismos-interferencias ben arraigados. Podemos recorrer a textos escritos antigos e a cantigas populares para verificar se unha expresión xa existía en certa época, procedendo de seguido á comparación coa datación en castelán, pero debemos ter en conta as limitacións derivadas da escaseza de textos nun período moi considerable da nosa historia. Deste xeito, o achado dunha expresión podería servirnos para ratifica-la súa orixe galega, pero a súa non presenza non ten por qué ser especialmente significativa. En consecuencia, o recurso á etimoloxía da expresión impónse en moitas ocasións como necesario e, ás veces, permite, polo menos, facernos sospeitar do carácter de interferencia de certas expresións. Vexámolo con algúns exemplos:

1. *Etimoloxía dos compoñentes*. Nalgún caso o coñecemento da orixe real dos elementos integrantes dun fraseoloxismo pode axudarnos a detecta-la presenza dunha interferencia. A cuestión radica, na maior parte destes casos, en aclarar situacións de homonimia. Repárese, por exemplo, na expresión *face-lo sueco* (recollida en Ares Vázquez, 1993). Segundo Iribarren (1996: 98-99), o elemento *sueco* nada ten que ver cos orixenarios de Suecia, senón co noso *zoco* (latín *soccu*), que no castelán deu *zueco* e *sueco* na zona meridional, con pronuncia seseante. Se esta etimoloxía é atinada, parece indubidable a orixe castelá da expresión.

2. *Tradición, cultura e costumes*. As unidades fraseolóxicas son creación dun pobo e nelas reflíctense as crenzas e o xeito de vivir dese pobo (vid. Ferro Ruibal, 1996). Cando as expresións responden a unha tradición e a unha cultura distintas, é moi posible que non foran creadas por nós, senón por aqueles ós que lles corresponde ese xeito de vivir. Segundo Julio Casares (1950: 237-238), a locución *non dar pé con bola* (recollida en Ares Vázquez, 1993) non está vinculada na súa orixe co fútbol, como probablemente todos pensariamos, senón cun xogo de cartas, o tresillo, no que o *pé* (*pie*) era o xogador que botaba cartas en último lugar e a *bola* un lance do xogo. Considerando a escasa tradición do tresillo en Galicia, hai bastantes probabilidades de que esteamos tratando cunha interferencia do castelán. O mesmo podemos dicir, tal vez, doutras expresións vinculadas, na súa orixe, co mundo dos touros, malia a

presencia nalgúns lugares de Galicia de certa tradición taurina: *para-los pés*¹⁵, *remata-la faena*¹⁶, *corta-la coleta*...

3. *Historia*. Moitas unidades fraseolóxicas teñen a súa orixe en feitos ou personaxes históricos propios de cada comunidade. Cando o feito histórico ou o personaxe que deu orixe á expresión está vinculado con territorio castelán-falante, é bastante probable que esteamos tratando cun castelanismo. Así, por exemplo, a expresión *non quitar nin poñer rei* (recollida en Ares Vázquez, 1993) parece te-la súa orixe na frase presuntamente pronunciada por Bertrand du Guesclin durante a guerra sostida entre Pedro I e Enrique de Trastámara, *no quito ni pongo rey, pero ayudo a mi señor*. A expresión *arma-la gorda*¹⁷ (*armarse la gorda*), segundo Gregorio Doval (1995: 74), pode te-la súa orixe en Andalucía, onde empezou a chamarse *La Gorda* á revolución que máis tarde se coñecería como *La Gloriosa* e que tivo lugar en 1868. ¿Trátase nos dous casos de interferencias? É moi probable que si. Do mesmo xeito, a presenza de topónimos non galegos parece denuncia-la orixe foránea da expresión: *irse polos cerros de Úbeda*, *quedar á lúa de Valencia*, expresións que, por outro lado, non se rexistran con frecuencia no galego oral.

É preciso, con todo, actuar con moita cautela. Moitos destes fraseoloxismos cunha explicación histórica, convértense en paneuropeos ou mesmo se estenden máis alá das fronteiras do continente. O duque de Lévis, en 1808, escribiu a famosa máxima *noblesse oblige*, pero a súa orixe francesa non converte as expresións castelás e galegas *nobleza obliga* e *nobreza obriga* en galicismos rexeitables. A coincidencia dunha expresión galega con outra castelá non quere dicir nada de antemán. Tan galega é *mandar a Noia* como *darlle á lingua*, por moito que a segunda expresión exista tamén en castelán. Non podemos nega-las coincidencias na maneira de vivir e de concibi-lo mundo, e as coincidencias históricas e culturais entre os falantes de galego e os falantes de castelán, e este feito ha de reflectirse necesariamente na parcial semellanza dos seus repertorios fraseolóxicos. Actualmente, os medios de comunicación e a facilidade para os desprazamentos achega aínda máis a realidade galega á doutros países, e en especial, evidentemente, á do resto do estado español. *Como*

¹⁵ “Eu tiven que *pararlle os pés* ata a Danielito Carballo. Danielito ¿sabes?” (*Tempos Novos*, xuño 1997, 2: 9). “La frase se refiere a la primera misión que debe llevar a cabo el torero cuando el toro salta al ruedo: *pararle los pies*, o sea, frenar su ímpetu, lo que suele hacer con pases largos con el capote, que facilita el recorrido del animal” (Buitrago, 1995: 294, o destacado é do texto).

¹⁶ “Logo levo a Caminero á selección e lesiónase, mentres que Antic di que non o tiña que levar, cando tiña o visto e prace dos médicos do Atlético de Madrid e, para *remata-la faena*, acúsame de facer trampas no sorteo da Copa do Rei” (*O Correo Galego*, 12-3-1997, 1153: 2).

¹⁷ “Gil Marín ameaza con ‘*arma-la gorda*’ se competición non estima o recurso contra a expulsión de Esnáider” (*O Correo Galego*, 11-3-1997, 1152, p. 30).

unha moto, meter un gol ou colle-lo tren son expresións nacidas da nosa realidade actual, cunha motivación perfectamente comprensible por nós, e con todo o dereito para formar parte do noso material fraseolóxico. É evidente tamén, como sucede coas unidades monoverbais e tal vez aínda en maior medida, que a presión do castelán supuxo a desaparición ou o desprazamento de moitas unidades fraseolóxicas galegas, que é preciso recuperar, e que, a carón das semellanzas culturais, a situación particular da nosa lingua contribúe a explica-lo alto grao de coincidencia dos novos fraseoloxismos cos da lingua veciña. Só cando o galego complete o seu proceso de normalización, poderá exercer-la súa potencialidade creadora de novas unidades fraseolóxicas en igualdade de condicións con outras linguas, como o castelán, pero ata daquela, parece algo absurdo e mesmo inútil pecha-la porta a esas formas derivadas da vida moderna, cada vez máis homoxénea, que responden a unha nova realidade e a unha nova visión desta realidade, da que nós tamén formamos parte.

Referencias bibliográficas

- Ares Vázquez, M.C. et alii (1993), *Diccionario Xerais da Lingua* (4º edición), Vigo, Xerais.
- Argente Giralt, J.A., A.M. Lorenzo Suárez (1991), “A relevancia social da alternancia lingüística”, *Cadernos de lingua* 3, 91-109.
- Benavente Jareño, P., X. Ferro Ruibal (1996), *Refraneiro galego da vaca*, Santiago, Xunta de Galicia / C.I.L.L. Ramón Piñeiro.
- Blanco-Amor, E. (1970), *A esmorga* (2º edición), Vigo, Galaxia.
- Buitrago Jiménez, A. (1995), *Diccionario de dichos y frases hechas*, Madrid, Espasa Calpe.
- Casares, C. (1984), *Vento ferido* (4º edición), Vigo, Galaxia.
- Casares, J. (1950), *Introducción a la lexicografía moderna* (= Anexo LII da *Revista de Filología Española*), Madrid.
- Conca, M., J. Guia (1995), “D’un complex d’inferioritat proverbial”, *Caplletra* 18, 177-210.
- Coseriu, E. (1977), *Principios de semántica estructural*, Madrid, Gredos.
- Doval, G. (1995), *Del hecho al dicho*, Madrid, Ediciones del Prado.
- Ferro Ruibal, X. (1996), *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Graña Núñez, X. (1991), “Aproximación ó castelanismo”, in M. Brea, F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 69-81.
- Grosjean, F. (1982), *Life with Two Languages. An Introduction to Bilingualism*, Cambridge, Harvard University Press.
- Iglesias, B. (1994), *Miss Ourense*, Vigo, Xerais.
- Iribarren, J. (1996), *El porqué de los dichos* (9º edición), Pamplona, Gobierno de Navarra.

- López Taboada, C., M.R. Soto Arias (1995), *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*, A Coruña, Galinova.
- Rodríguez González, E. (1958-1961), *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*, Vigo, Galaxia.
- Silva Valdivia, B. (1991), “Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia. Algunhas consideracións”, *Cadernos de lingua* 4, 27-38.
- (1994), “Cambios de código, alternancias e interferencias lingüísticas: unha perspectiva didáctica sociocomunicativa”, in B. Silva-Valdivia (coord.), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade / I.C.E., 151-76.
- Xove Ferreiro, X. et al. (1995), *Diccionario da lingua galega*, Vigo, Obradoiro / Santillana.
- Zamora Mosquera, F. (1972), *Refráns e ditos populares galegos*, Vigo, Galaxia.